

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

**Ritos, obxectos, crenzas varias..**

**CATEGORÍAS RELACIONADAS**

## *Animais venenosos?*

Outras crenzas que tamén temos escoitado e que nos teñen chamado a atención, sobretodo porque quen as conta as cree como verdade absoluta, e sentíndose molestos cando se lles cuestiona argumentos tan peregrinos son as seguintes:

Píntegas e morcegos son animais que teñen o sambenito de considerarse feos e mesmo temos oído dicir que non se lles pode tocar nin achegarse a eles posto que son moi, pero que moi, venenosos. Nunha ocasión ata temos visto a un veciño de Melide perseguir cunha vasoira na man a un morcego que se introducira nunha estancia, e cando conseguiu darlle un bo trancazo ó pobre animal, deixándoo medio "grogui", recolleuno e oprimiuno entre a vasoira e un recolledor, non por noxo, senón pensando que se lle tocaba, ía inocularlle ese veneno que levan dentro.

[Texto remitido por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña). Setembro de 2016]